

# BASES PARA A VIII CATA DE MEL

## CONCURSO DE CALIDADE – MURAS – 16 NOVEMBRO 2024

Poden participar os apicultores que teñan explotacións apícolas no concello de Muras.

Admitiranse como máximo un total de 15 mostras, por riguroso orden de entrega na Casa do Mel de Goente-As Pontes.

As mostras deben ser presentadas en botes de 1 kg antes do 1 de novembro do 2024, sen ningún tipo de etiqueta.

A Casa do Mel poñeralle unha etiqueta a cada bote con un número impreso. Ese número tamén se lle poñerá a un sobre pechado que terá os datos do produtor.

O sobre permanecerá pechado e custodiado pola Casa do Mel ata que se faga explícito o número do mel gañador.

Entregaranse tres galardóns: dous deles para os dous mellores meles de montaña, e o terceiro galardón para o mellor mel monofloral de breixo. (Para consideralo monofloral terá que ter como mínimo un 45 % de pole de breixo).

A Casa do Mel encargárase de facer as análises de tódalas mostras de cor, humidade, conductividade, HMF e pólenes predominantes. Tamén se fará referencia á limpeza e decantación.

Haberá un presidente/a e un secretario/a de cata encargados de dirixir o evento.

Os e as catadoras irán catando o mel e poñéndolle unha puntuación de (0 a 5) a cada mostra. Empregaremos para isto unha ficha facilitada pola Casa do Mel.

A participación como produtor implica a aceptación destas bases e acatar a decisión do xurado.